



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CLUSTER DA PIZARRA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTUACIÓNS DIRIXIDAS AO FOMENTO DO SECTOR DA LOUSA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar co Clúster da Pizarra de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 9 de setembro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento dun sistema de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Clúster da Pizarra de Galicia, para a realización dunha serie de actuacións dirixidas ao fomento do sector da lousa, co obxecto de trasladar aos prescriptores de opinión do sector e á poboación en xeral as vantaxes do uso deste material e das cubertas e fachadas de lousa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O feito de que o convenio sexa realizado co Clúster da Pizarra de Galicia, trae como consecuencia que as accións incluídas no mesmo as desenvolva un ente no que se configuran a maioría das empresas do sector da lousa e a Fundación Centro Tecnolóxico da Pizarra que é a entidade que xestiona o centro tecnolóxico da pizarra de Galicia. O clúster integra ao sector da pizarra en Galicia practicamente na súa totalidade,





abarcando todo o proceso da extracción, elaboración, comercialización, colocación e de I+D+i, é dicir, toda a cadea de valor da pizarra.

Este obxectivo é coincidente co fin de fomentar as actuacións colectivas que defende a Xunta de Galicia, aunando os esforzos en torno aos problemas do sector, o que permite definir unha planificación estratéxica e unha mellora conxunta, xa que o clúster é a mellor canle para atender ás necesidades demandadas polo conxunto das empresas.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepciónais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, concorren circunstancias que determinan a dificultade de promover a concorrência dada a finalidade e as características específicas das actuacións a realizar, aos efectos do establecido no artigo 19.4. c) e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

